

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 26 DE XUÑO DE 2.015**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e cinco minutos do día 26 de xuño de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, Dona Maria Begoña Seco Varela, D. José Manuel López Castro, Dona María Magdalena Ron Villar, D. Xosé Ferreiro Fernández, D. Francisco Xabier Molinos Campos e Dona María Luisa Meilán Lombao, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS**

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da conta da constitución dos seguintes grupos políticos:

Grupo Municipal do Partido Popular, actuando como voceiro don José Pardo Lombao.

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, actuando como voceiro don Xosé Ferreiro Fernández e como vicevoceiro don Francisco Xabier Molinos Campos.

Grupo Municipal del Partido Foro Lugo Independiente, actuando como voceiro don José Manuel López Castro.

Grupo Municipal Socialista, actuando como voceira don María Luisa Meilán Lombao.

### **2.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO DA CORPORACIÓN**

O sr. Alcalde expón a seguinte proposta de resolución:

### *“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBOR A PERIODICIDADE DE SESIÓNS*

*Co obxeto de dar cumprimento ó disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 210 da Lei 5/1.997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Alcaldía propón ó Pleno Corporativo a adopción do correspondente acordo no senso de que as sesións ordinarias do mesmo teñan lugar os derradeiros venres de cada mes par, ás trece horas. No caso de que resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior. Asemade, a sesión correspondente ao mes de agosto se celebrará no mes de setembro.*

*En relación á Xunta de Goberno, a Alcaldía propón que as súas sesións ordinarias sexan celebradas os segundo e cuarto venres do mes, ás trece horas. Si algún deles resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior.*

*Nembargantes, o Pleno acordará o procedente.*

*Outeiro de Rei, 23 de xuño de 2.015”*

Asemade, dase conta da proposta presentada polo grupo municipal do BNG, do seguinte teor literal:

*“Que tendo en conta a proposta da Alcaldía para o Pleno de Organización con respecto á periodicidade e horario das sesións, o Grupo Municipal do BNG propón o seguinte:*

*Que parécendonos correcta e equilibrada a proposta de ter un Pleno Ordinario cada dous meses, tamén nos parece unha aberración e un intento deliberado de evitar a asistencia das veciñas e veciños aos plenos municipais o feito de poñelos os venres ás 13:00 horas.*

*Dende o BNG propoñemos que se celebren os venres ás 20:30 horas para que poida asistir quen o desexe. Incluso, de estar de acordo a maioría da corporación, tamén podería ser correcto que se celebraran os sábados ás 10:00 horas”.*

O Alcalde manifesta que mantén a súa proposta, xa que é tal e como se ven facendo dende fai moito tempo. E recorda que este concello fai algo que non fan moitos concellos, que é colgar o vídeo de todas as sesións plenarias en internet para que os veciños as podan ver. Por outra banda, deste xeito se respeta o horario dos traballadores do concello.

O voceiro do grupo municipal do BNG indica que a presentación da proposta por escrito ten o único obxectivo de deixar constancia o que se vai a dicir nesta sesión.

A periodicidade bimensual lles parece correcta para un concello como este, se ben están en desacordo con que os plenos sexan un día laboral pola mañá, xa que debe achegarse a política municipal aos cidadáns e un xeito de facelo é permitindo que os

veciños ou veciñas se achegen ás sesións plenarias. Por iso propoñen que sexa o venres ás oito da noite ou o sábado pola mañá. Esta proposta está aberta á negociación, se ben sempre na liña de facilitar a súa conciliación coas obrigas laborais dos cidadáns. Tamén propón que os plenos se celebren, de ser o caso, fora da casa consistorial, nas parroquias do concello cando os asuntos a tratar o aconsellen. Por último, propón que se faga unha regulamentación acerca dos plenos extraordinarios, co gallo de impedir que se convoquen por capricho, xa que costan moitos cartos que pagan os cidadáns.

O voceiro do grupo municipal popular manteña a súa proposta, xa que permite que os funcionarios estén presentes e porque este concello está a facer un exercizo de transparencia pioneiro en concellos de este tamaño coa publicación dos vídeos íntegros das sesións plenarias en internet para que os veciños os poidan ver cando queiran.

Por outra banda, neste concello non se regulamentou o desenvolvemento das sesións plenarias, xa que se deixa falar sen límite de tempo e se facilita o debate, non coma outras institucións gobernadas por eles, se ben solicita que as propostas se presenten coa suficiente antelación. Por outra banda, en ningunha institución que él coñeza se lle quita ao Presidente da Corporación a capacidade de convocar os plenos, polo que non poden estar de acordo con esa proposta.

O voceiro do grupo municipal do BNG afirma que ninguén lle discute a capacidade do Alcalde para convocar o pleno, nin a capacidade da oposición para criticalo se o consideran oportuno. Asemade, recorda que él non gobernou en ningún sitio, e cando tivo capacidade para convocar reunións nunca restrinxiu o uso da palabra. E se en outros sitios os do seu partido fan cousas que non están ben, nunca dubidará en criticalas.

Finaliza afirmando que a proposta por escrito fíxose coa maior dilixencia posible, xa que non era coa intención de debatirse no pleno, senón de deixar constancia do que se ía a expoñer oralmente, tal e coma se fíxo.

O Alcalde afirma que os Plenos non se convocan por capricho, e recorda que no ano pasado convocáronse oito plenos, e outros anos máis ou menos nesa media. Pero este é un concello bastante dinámico e debemos ter certa capacidade de reacción cando as circunstancias o esixan.

Finalmente, recórdalle que o voceiro do BNG pertence a un partido político, polo que ten que asumir as cousas boas e as malas de él. Así que aunque nunca gobernase noutras institucións, o seu partido político si que o fíxo, e debe asumir as súas accións.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de resolución presentada polo sr. Alcalde.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e cinco en contra.

Realizada a votación, o voceiro do grupo municipal do BNG pregunta pola posibilidade de celebrar as sesións fora da casa consistorial.

O Alcalde afirma que xeneraría problemas de infraestrutura, e que a cuestión poderá abordarse noutros plenos.

### **3.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS PERMANENTES**

O Alcalde expón a seguinte proposta de resolución:

#### *“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS DO PLENO*

*José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, propoño ao Pleno da Corporación Municipal a creación das seguintes comisións:*

*A Comisión especial de contas, ao amparo do disposto no artigo 20.1.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, coa seguinte composición e competencias:*

*A Comisión Especial de Contas, integrada por un Presidente (o da Corporación Municipal), e seis vocais: tres pertencentes ao Grupo Municipal do Partido Popular, un pertencente ao Grupo Municipal do Partido Foro Lugo Independiente, un pertencente ao Grupo Municipal do PSdG-PSOE e outro pertencente ao Grupo Municipal do BNG.*

*As competencias propias da Comisión Especial de Contas serán as atribuídas por norma con rango de lei.*

*A Comisión de asuntos do Pleno, ao amparo do disposto no artigo 20.1.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, coa seguinte composición e competencias:*

*A Comisión de asuntos do Pleno, integrada por un Presidente (o da Corporación Municipal), e seis vocais: tres pertencentes ao Grupo Municipal do Partido Popular, un pertencente ao Grupo Municipal do Partido Foro Lugo Independiente, un pertencente ao Grupo Municipal do PSdG-PSOE e outro pertencente ao Grupo Municipal do BNG.*

*As competencias serán as atribuídas por norma con rango de lei.*

*En Outeiro de Rei, a 23 de xuño de 2015”.*

O voceiro do grupo municipal do BNG anuncia aos representantes do seu grupo en ambas comisións, e pregunta se cabe a suplencia entre eles.

O Alcalde contesta que sí que é posible.

O voceiro do grupo municipal do BNG non se opón a proposta, se ben propón a creación de dúas comisións máis: a de urbanismo e de contratación e adxudicación, nas que podería respetarse a composición proporcional contida na súa proposta. Con elo os grupos da oposición poderían ter acceso a estas materias e debatir estes asuntos que tanto inciden na calidade de vida dos nosos veciños.

O voceiro do grupo municipal de Foro Lugo Independiente, afirma que a comisión de urbanismo está prevista no artigo 22.2 da lei de bases de réxime local, e que a comisión de contratación está encuadrada no artigo 20.3. Chámalle a atención que a comisión de asuntos do pleno non está prevista no artigo 20 da Lei 7/1985, ao que cita a proposta de Alcaldía. Non sabe qué se lle pode escapar.

A instancias da Alcaldía, o Secretario informa que o artigo 20 da Lei 7/1985, esixe que nos concellos de máis de 5000 habitantes se constitúan órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que van a ser sometidos a decisión do pleno. A estes órganos pode chamárselles comisións informativas, comisión de asuntos do pleno ou como se queira, e non se esixe que exista un por cada área de goberno, senón unicamente que alí se informen os asuntos que van a tratarse no pleno, podendo existir soamente un, ou varios. O único que sí se precisa polo TRLHL é o nome da Comisión Especial de Contas, polo que esta nomenclatura se recolle na proposta.

Polo que atinxe á mesa de contratación, é un órgano administrativo que, en principio, nada ten que ter co pleno. De feito, límitase a participación dos cargos políticos nunha determinada porcentaxe, e nada impide que esté composta íntegramente por funcionarios.

O voceiro do grupo Foro Lugo Independiente segue a insistir que a comisión de asuntos do pleno non existe na lexislación de réxime local, e que deben crearse as comisións de urbanismo e a mesa de contratación ou comisión de contratación.

O Alcalde resposta que a Comisión Especial de Contas debe existir coma tal por mandato legal, e que a comisión de asuntos do pleno asumirá o informe de cantos asuntos decida o pleno. Poderíanse crear dez ou vinte comisións, pero trataríanse os mesmos asuntos polos mesmos concelleiros. E nesa comisión de asuntos do pleno se tratarán, como non pode ser doutro xeito, tamén os asuntos de urbanismo e de contratación cando sexan de competencia plenaria.

O voceiro do grupo municipal do BNG pregunta se se vai votar a proposta presentada polo BNG.

O Alcalde afirma que non, que se votará unicamente a presentada polo PP. Se queren poden intentar enmendala, e si se acepta a enmenda se vota a proposta final xa enmendada.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta presentada polo Alcalde da Corporación.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e cinco votos en contra.

#### **4.- DELEGACIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A instancias do sr. Alcalde, o Secretario da lectura á seguinte

##### *“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN*

*De acordo co disposto no Artigo 22 da Lei 7/85, de 18 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Alcalde propón ó Pleno da Coporación a delegación na Xunta de Goberno Local, das seguintes competencias plenarias:*

- A concertación das operacións de crédito e tesourería.*
- As contratacións e concesións de toda clase de competencia plenaria.*
- A aprobación dos proxectos de obras e servicios cuando sexa competente para a súa contratación ou concesión.*
- As enaxenacións patrimoniais cuando o seu valor supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento e as las permutas de bens inmobles.*
- A aprobación e modificación de prezos públicos.*
- O exercizo das competencias plenarias en materia de expropiación forzosa.*
- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.*
- A declaración de lesividade dos actos do Concello.*

*Outeiro de Rei, 23 de xuño de 2.015”*

O Alcalde afirma que unha Xunta de Goberno sen competencias carece de sentido, por iso, o Alcalde delegou unha boa parte das súas competencias na Xunta e por iso se presenta esta proposta.

A voceira do grupo municipal socialista oponse a esta proposta, xa que deixa valeiro de contido ao pleno municipal.

O vicevoceiro do grupo municipal do BNG, oponse á proposta en tanto merma a participación dos grupos municipais e deixa valeiro de competencias ao pleno, xa que queda limitado a temas orzamentarios e pouco máis. Afirma que ao pleno veñen a traballar, non a delegar, e informa que nesta lexislativa, alén goberna o BNG, non se está a delegar competencias do pleno na Xunta de Goberno.

O voceiro do grupo municipal de Foro Lugo Independente, afirma que non son delegables as contratacións e concesións de competencia plenaria, segundo se desprende do texto refundido da lei de contratos do sector público. Afirma que tampouco son delegables as competencias de fixación de prezos públicos, expropiación forzosa, enaxenación patrimonial, segundo o artigo 22.2 da Lei 7/1985.

O Alcalde defende a proposta, xa que a delegación na Xunta de Goberno é o órgano de Goberno do Concello, e ten que ter competencias para poder gobernar.

Non cree que o pleno quede valeiro de contido, xa que é a cámara de representación dos veciños. Recordada que, ademais das competencias en urbanismo ou orzamentarias, entre outras, os concelleiros poderán presentar cantas mocións, rogos etc... que estimen convintes en todos os asuntos de competencia municipal. E insiste en que ao PP a veciñanza lles encargou gobernar, e para gobernar é necesario ter competencias, e por eso mesmo traen aquí esta proposta, porque é a súa responsabilidade.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta presentada polo Alcalde da Corporación.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e cinco votos en contra.

## **5.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS**

O Alcalde da resposta á seguinte proposta:

### *“PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN DIVERSOS ÓRGANOS COLEXIADOS*

*José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, propoño ao Pleno da Corporación Municipal os seguintes nomeamentos:*

*Mancomunidade de municipios da Terra Chá: José Pardo Lombao e Begoña Seco Varela.*

*Consello escolar: José Pardo Lombao.*

*Asociación Terras do Miño: Begoña Seco Varela.*

*Asociación Terras de Lugo: Begoña Seco Varela.*

*En Outeiro de Rei, a 23 de xuño de 2015”*

Con esta proposta dase continuidade do goberno municipal na representación municipal noutras institucións, co gallo de que o que se exprese nesas institucións coincida co parecer do concello.

A voceira do grupo municipal socialista afirma que non se dá representación aos grupos municipais.

O vicevoceiro do grupo municipal do BNG, rexeita a proposta xa que non se outorga participación ao resto dos grupos municipais, e recorda que todos os concelleiros, e non so os do equipo de goberno, representan á veciñanza de Outeiro de Rei, polo que todos estamos para defender os intereses dos veciños.

Creen que pode chegarse a un acordo para que, aínda que respetando a maioría do equipo de goberno na representación en estos órganos colexiados, se recoñeza a representatividade dos restantes grupos municipais nos ditos órganos.

O voceiro do grupo municipal de Foro Lugo Independente refrenda o dito polo concelleiro do BNG.

O Alcalde insiste en que cando se representa ao concello nunha institución, coma a Mancomunidade de Municipios, búscase acadar acordos que sexan compatibles coa línea de actuación do goberno municipal, polo que o lóxico é que dita representación a ostente quen forma parte de ese goberno.

Este equipo de goberno está aberto a todo tipo de diálogo e negociacións, pero tampouco pode obviarse que a representación, en tódolos casos menos en un, corresponde soamente a un concelleiro, que como é lóxico debe ser do equipo de goberno, e soamente nun caso corresponde a dous, co problema engadido de que na oposición existen tres grupos municipais, polo que sempre quedará fora a meirande parte deles.

E insiste en que existe o risco de que as decisións tomadas nesos órganos colexiados non tivesen continuidade no goberno municipal, o que convertería ditos órganos en inoperantes. Iso non significa que a oposición poda presentar ante este pleno todo tipo de propostas que se debatirán e, no seu caso, se levarán ante estos órganos colexiados.

O concelleiro do grupo municipal do BNG insiste na necesidade de pactar neste asunto.

O Alcalde afirma que pactar é cousa de dous, non soamente de un. E se un non se move da súa postura inicial moi dificilmente pode chegarse a un acordo. Pero pon un exemplo: non sería lóxico que fora un deputado do BNG a representar a España na Comisión Europea. Ten que ir un membro do goberno xa que alí se contraen compromisos polos Estados membros, e ese compromiso soamente ten a capacidade de materialízalo o goberno. Sempre foi así e non se entendería outra cousa. E aquí sucede o mesmo. Segundo a súa proposta, o representante do Concello podería dicir unha cousa



no órgano Colexiado e o Concello acordar a contraria no pleno ou na Xunta de Goberno. E iso xeneraría un gran inseguridade na xestión.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta presentada polo Alcalde da Corporación.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e cinco votos en contra.

## **6.- ASISTENCIAS, INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO E ADICACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN**

O Alcalde da conta da seguinte proposta de resolución:

### *PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVO AS INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DOS CONCELEIROS MUNICIPAIS*

*O Grupo firmante propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:*

*Primeiro.- Estabrecer unha indemnización por asistencia a órganos Colexiados de 120 euros/sesión.*

*Segundo.- Fixar as dietas oficiais da seguinte forma:*

*-Dieta completa (pernoctando fora do domicilio) 150,00 euros.*

*-Media dieta (xestións fora do municipio) 100,00 euros, salvo para os concelleiros que ostenten dedicación parcial ou exclusiva, que será de 50 euros.*

*-Kilometraxe oficial 0,30 euros / Km.*

*Terceiro.-*

*a) Asinar dedicación exclusiva á Alcaldía-Presidencia, recoñecendo tal adicación dende o día 13 de xuño.*

*b) Fixar a contía da dedicación acordada na cantidade de 43.800 euros anuais, que se distribuirán en 14 pagas anuais.*

*Outeiro de Rei, 23 de xuño de 2.015”*

A voceira do grupo municipal socialista considera que o salario do Alcalde é excesivo en comparación cos municipios do entorno en un contexto de crise económica coma a actual.

O voceiro do grupo Foro Lugo Independiente afirma que as dietas deberían expresar que son por cometidos fora do termo municipal, e non do domicilio.

O Alcalde afirma que, efectivamente, é así, e que así se ven aplicando. Non obstante, o quilometraxe indemnízase sexa ou non dentro do termo municipal, sempre que se use o coche propio por un cometido oficial.

O voceiro do grupo Foro Lugo Independiente pregunta se existe un control sobre os quilómetros e as dietas.

O Alcalde resposta que sí que existe, como non pode ser de outro xeito.

O voceiro do grupo municipal do BNG afirma que é un tema delicado, xa que a actividade política ten que ter un salario digno, e por outra banda, estamos a vivir unha época de hipersensibilidade social en todo o que atinxe ao gasto público asociado á política e institucións. Dende esta perspectiva as contías que se recollen na proposta son esaxeradas, e pon coma exemplo outros concellos onde governa o Partido Popular, coma a Xunta de Galicia. Non comprende porqué se un funcionario da Xunta de Galicia emprega o seu vehículo percibe 0,19 euros/quilómetro e un concelleiro de Outeiro de Rei 0,30. Ou porque un funcionario por unha manutención recibe 28,21 euros e un concelleiro 100 euros, ou que o importe da dieta completa para un funcionario da Xunta sexa de 48 euros e aquí se propoña 150 euros. Por iso a súa proposta é asumir as contías establecidas para indemnizacións na Xunta de Galicia e sempre xustificando os gastos.

A tal fin remítese á proposta que presentou por escrito antes do pleno e que expresa as seguintes contías:

<i>CONCEPTO</i>	<i>PROPOSTAS DO ALCALDE</i>	<i>PROPOSTA DO BNG</i>
<i>Asistencia a órganos colexiado</i>	<i>120 €/sesión</i>	<i>60 €/sesión</i>
<i>Dieta completa (durmiendo fóra do domicilio)</i>	<i>150 €</i>	<i>Xustificar os gastos. Máximo 80€</i>
<i>Media dieta (Xestión fóra do concello)</i>	<i>100 €</i>	<i>Xustificar os gastos. Máximo 40 €</i>
<i>Quilometraxe oficial</i>	<i>O Alcalde 50 €</i>	<i>Igual que na Xunta, 0,19 €/Km</i>
<i>Salario do alcalde</i>	<i>0,30 €/Km</i>	<i>Igual que un funcionario da Xunta do grupo A: 29.833,12 €/ano</i>
	<i>43.000 €/ano</i>	
	<i>ASIGNACIÓN A GRUPOS</i>	
<i>Fixo</i>	<i>500 €/ano</i>	<i>1.800 €/ano</i>
<i>Variable</i>	<i>1000 €/ano e concelleiro</i>	<i>250 €/ano e concelleiro</i>
<i>Cálculo para un ano por concelleiro (9 plenos):</i>	<i>27.960 €/ano</i>	<i>16.930 €/ano</i>
<i>Variación con respecto ao sistema actual</i>	<i>+ 8.520 €/ano (+ 43,82 %)</i>	<i>-2.510 €/ano (- 12,91%)</i>

No que se refire ao salario do Alcalde, en primeiro lugar considera que un concello coma Outeiro de Rei non precisa de adicación exclusiva e, en segundo lugar,

que un salario decente e axeitado sería o propio dun funcionario da Xunta de Galicia de grupo A. E un funcionario do grupo A, licenciado, arquitecto ou inxeniero, que pasa toda a vida estudando con sacrificio das súas familias, ten un salario de 29.833,12 euros.

As asistencias a órganos colexiados tamén é esaxerada, xa que a asistencia a unha sesión coma esta é de 120 euros. Pero as asistencias non son salarios, son indemnizacións, de ahí o excesivo desta contía. Propoñen unha dieta por asistencias a sesión de 60 euros/sesión.

O Alcalde advirte contradicións nas intervencións anteriores, xa que primeiro dín que a actividade política ten que ter unha retribución xusta e digna e, acto seguido, afirman que debe ser diferente en función de a quen se lle asigne ou do color de quen goberna.

Informa que o seu salario mensual é de 2.208 euros/mes, e asegúralle que é inferior á de moitos funcionarios do grupo A da Xunta de Galicia, e incluso inferior á subida salarial que aprobou o BNG e mais o PSOE este mesmo mes para moitos funcionarios da Deputación de Lugo, e tamén inferior ao salario dunha concelleira de algún concello de mil habitantes de esta provincia de Lugo.

Non comprende cómo poden afirmar o que din cando o PSOE e máis o BNG aprobaron subas salariais a funcionarios da Deputación de Lugo de ata 3000 euros ao mes.

Por outra banda, non pode ser da mesma contía a indemnización que percibe o Alcalde se vai a Santiago e vota alí a mañana, que se vai outro concelleiro que non ten un salario por exercer coma tal para o concello, que non recibe salario, ten que sufragar os gastos de desprazamento e comida, e lle adica toda a mañana ao concello.

A outra alternativa sería establecer adicacións parciais para compensar a estos concelleiros, pero esta opción sería moito máis cara para os veciños de Outeiro de Rei, xa que ao salario debemos engadir seguridade social.. etc.

E insiste en que funcionarios da Xunta ou da Deputación que perciban máis de 2200 euros que cobra este Alcalde hainos a moreas.

O voceiro do grupo municipal do BNG considera que, habendo miles de traballadores que están a traballar longas xornadas por setecentos euros, non lle parece ben que se diga que a súa proposta de 30.000 euros non é unha proposta xusta.

No referente a Deputación, un dos poucos que loitou contra as malas prácticas na Deputación afirma ser el, interpoñendo demandas algunha das cales as gañaron, e reconece que esas subas salariais son un escándalo e unha estafa e que os seus compañeiros as votaron en contra. Conclue que o que se ten que facer é ir ao xulgado, xa que facelo incluso tal e como se fixo, uns días antes do cambio de goberno, pode ser ata delictivo.

Non pode confundirse o salario, que trae causa do traballo, e as indemnizacións, que pretenden impedir un menoscabo patrimonial que se produce como consecuencia do exercizo dunha función pública. Aquí podemos debatir todo, pero temos que ter clara esta distinción, xa que a confusión pode ser incluso fraudulenta dende un punto de vista fiscal.

O Alcalde pide coherencia, xa que a suba salarial da Deputación non se podía aprobar sen o voto favorable do BNG. E estas subas escandalosas de 3000 euros ao mes foron aprobadas co voto do BNG.

Cree que o voceiro do BNG non quere comprender o que lle traslada, xa que non é lóxico que un funcionario ou un concelleiro con adicación exclusiva ou parcial, perciba a mesma dieta por votar a mañana en Santiago de Compostela ou a Lugo por un cometido público, que un concelleiro que non percibe salario algún do concello. A alternativa a isto, que é establecer adicacións parciais aos diferentes concelleiros, é moito máis cara.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta presentada polo Alcalde da Corporación.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e cinco votos en contra.

## **7.- PROPOSTA DE ASIGNACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS**

O Alcalde expón a seguinte proposta de resolución:

### *“PROPOSTA DE ASIGNACIÓN DE DOTACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS*

*O artigo 73 da lei 7/1985, de 2 de abril, establece:*

*“3. A efectos de su actuación corporativa, los miembros de las corporaciones locales se constituirán en grupos políticos, en la forma y con los derechos y las obligaciones que se establezcan con excepción de aquéllos que no se integren en el grupo político que constituya la formación electoral por la que fueron elegidos o que abandonen su grupo de procedencia, que tendrán la consideración de miembros no adscritos.*

*El Pleno de la corporación, con cargo a los Presupuestos anuales de la misma, podrá asignar a los grupos políticos una dotación económica que deberá contar con un componente fijo, idéntico para todos los grupos y otro variable, en función del número de miembros de cada uno de ellos, dentro de los límites que, en su caso, se establezcan con carácter general en las Leyes de Presupuestos Generales del Estado y sin que*

*puedan destinarse al pago de remuneraciones de personal de cualquier tipo al servicio de la corporación o a la adquisición de bienes que puedan constituir activos fijos de carácter patrimonial”.*

*En base á norma transcrita, e co gallo de dotar de certo financiamento aos grupos políticos municipais, de xeito que facilite aos membros da corporación o exercizo das súas funcións constitucionais vencelladas ao mandato representativo, propoño ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:*

*- Estabrecer unha asignación económica aos grupos políticos municipais consistente nunha cantidade fixa de 500 euros/ano, e outra variable, de 1000 euros/ano por cada concelleiro integrante do grupo político. Ditas contías se farán efectivas mediante transferencia bancaria á conta aberta a nome de cada grupo político.*

*En Outeiro de Rei, a 23 de xuño de 2015”*

O vicevoceiro do grupo municipal do BNG felicita ao sr. Alcalde por terminar aceptando unha proposta que ven plantexando o BNG neste concello dende fai anos, e que recoñece a labor dos concelleiros da oposición.

Naquelo no que xa non está de acordo e no reparto da asignación, xa que o compoñente fixo debe incrementarse, en tanto todos os grupos temos unhas necesidades comunes, e por outra banda, o componente variable debe reducirse sustancialmente, dado que a todas luces o que aquí se plantexa é unha retribución encuberta dos concelleiros, e que conleva un incremento importante de gasto, que calcula nun 43% de incremento.

O BNG propón un compoñente fixo de 1200 euros/ano e un variable de 250 euros/ano/concalleiro, o que supón un total de 16.930 euros/ano, que suporía un aforro anual do 12,91% con respecto á anterior lexislatura, e partindo da premisa de baixar as asistencias a 60 euros/sesión.

A voceira do grupo municipal socialista afirma que o que necesita é un local para o grupo municipal.

O Alcalde resposta que este Concello carece de locais para a súa posta a disposición dos grupos municipais, e en base a esta carencia tamén se presenta a proposta de asignación ao grupo tal e como se plantexa.

En resposta ao concelleiro do BNG, afirma que o número de concelleiros é un dato moi importante na asignación aos grupos, xa que a maior número de concelleiros maior traballo e maior responsabilidade, xa que teñen que ter máis relación, máis contacto, porque así o quiseron os cidadáns.

A proposta que presenta o BNG implica recoñecer un gasto por concelleiro de 90 euros/mes. Esta proposta é incoherente, xa non co que afirman de unha retribución xusta, senón co traballo propio dun concelleiro, xa que se un concelleiro soamente xera

un gasto ao mes de 90 euros é que pouca xestión política realiza. En realidade é que non fai nada.

O vicevoceiro do grupo municipal do BNG insiste en que a súa proposta implica un aforro de 2100 euros ao ano, mentras que a do PP implica un incremento do 43% en relación á lexislatura anterior. A proposta do BNG supón un aforro para os veciños de Outeiro de Rei e permite aos concelleiros facer o seu traballo dignamente.

O voceiro do grupo municipal Foro Lugo Independiente comparte a necesidade da asignación aos grupos, así coma a necesidade dun local. En relación a este último aspecto, manifesta a dispoñibilidade do seu grupo de compartir local cos restantes grupos se iso facilita a súa posta a disposición polo concello.

O Alcalde resposta que cando o concello dispoña de local se poderá analizar esa posibilidade, e remata defendendo a súa proposta.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta presentada polo Alcalde da Corporación.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con dez votos a favor e tres abstencións.

## **8.- DACIÓN DE CONTA DOS NOMEAMENTOS DOS TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS INTEGRANTES DA XUNTA DE GOBERNO E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA**

A instancias do Alcalde, o Secretario da lectura en viva voz aos seguintes decretos:

### *“DECRETO DA ALCALDÍA*

*D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:*

*Nomear como membros integrantes da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros, na súa calidade de Tenentes de Alcalde:*

*Dona Begoña Seco Varela*

*Don José Yebra Amorín.*

*Dona Pilar Méndez Lombao.*

*Don Jesús Fernández García.*

*E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 23 de xuño de 2015”*

*“DECRETO DA ALCALDÍA*

*D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:*

*Nomear como Tenentes de Alcalde deste Concello de Outeiro de Rei aos seguintes concelleiros:*

*Como primeiro tenente de Alcalde, a dona Begoña Seco Varela.*

*Como segundo Tenente de Alcalde, a don José Yebra Amorín.*

*Como terceiro Tenente de Alcalde, a dona Pilar Méndez Lombao.*

*Como cuarto Tenente de Alcalde, a don Jesús Fernández García.*

*E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 23 de xuño de 2015”*

*“DECRETO DA ALCALDÍA*

*D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:*

*Delegar, na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias da Alcaldía:*

*- A disposición de créditos orzamentarios, salvo os de persoal, por contía superior aos 3000 euros, así como a concesión de axudas e subvencións nos termos fixados nas bases de execución do orzamento.*

*- A perfección e extinción de contratacións e concesións de toda clase de contía superior aos tres mil euros.*

*- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estén previstos no orzamento.*

*- A adquisición e enaxenación de bens e dereitos que non sexan de competencia do Pleno da Corporación e sempre que o valor da operación exceda de 3000 euros.*

*- O outorgamento de autorizacións e licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.*

*- A declaración, outorgamento e revocación da condición de beneficiario dos servizos sociais do concello.*

*E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 20 de xuño de 2011”.*

*E non habendo máis asuntos a tratar, leváanse a sesión, sendo as catorce horas e sete minutos, da que estendo a presente acta co visto e prace do Alcalde*

O Secretario

VºPº; O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita    Asdo.: José Pardo Lombao